

Novo ciclo estratéxico 2024-2026**EROSKI REÚNE A MÁIS DE 300 PROVEDORES PARA COMPARTIR AS LIÑAS QUE VAN GUIAR O SEU PLAN ESTRATÉXICO DURANTE OS VINDEIROS 3 ANOS**

- O encontro contou coa participación do ministro de Industria e Turismo, Jordi Hereu, e do viceconselleiro de Agricultura, Pesca e Política Alimentaria do Goberno Vasco, Bittor Oroz
- A CEO de EROSKI, Rosa Carabel, puxo en valor o modelo de empresa e destacou o momento no que se atopa EROSKI para “Crear e Medrar”
- A directora Comercial de EROSKI, Beatriz Santos, revelou que a mellora da competitividade de prezos, unha aposta polo produto fresco de calidade e de preto, e mais un importante investimento en tecnoloxía serán parte das principais liñas estratéxicas
- O encontro acolleu unha mesa redonda sobre analítica avanzada, *big data*, intelixencia artificial e o seu papel na xestión da cadea de valor

Bilbao, 18 de abril do 2024.- [EROSKI](#) reuniu hoxe en Bilbao a máis de 400 persoas, entre elas 300 provedores da industria alimentaria e representantes do sector financeiro e directivos de Mondragon e de asociacións sectoriais como AECOC, para compartir con elas as súas liñas estratéxicas para o vindeiros tres anos. Un plan que mantén e reafirma as súas raíces, o seu ADN, os seus valores e, por suposto, o seu propósito, pero que actualiza a súa misión para 'Crear e Medrar' nun e por un futuro próspero e sostible, combinando a xeración de resultados empresariais coa creación de riqueza no contorno, asegurando a satisfacción plena das persoas consumidoras e fomentando unha alimentación saudable.

O encontro contou coa participación do ministro de Industria e Turismo, Jordi Hereu, e do Viceconselleiro de Agricultura, Pesca e Política Alimentaria do Goberno Vasco, Bittor Oroz, e mais coa presenza de destacadas figuras do sector.

Durante a clausura do encontro, o titular de Industria e Turismo, Jordi Hereu, salientou a importancia dun sector estratéxico como o agroalimentario, e como grupos como Eroski desenvolven un papel decisivo na cadea alimentaria. *“Sodes fundamentais, tanto en algo tan necesario como a subministración de alimentos básicos á cidadanía como no peso das exportacións da nosa economía, amais dun aliado indispensable no sector da distribución”,* sinalou. *“Sen un sector da distribución forte é difícil garantir unha subministración segura e adecuada no conxunto do país”,* engadiu.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

A CEO de EROSKI, Rosa Carabel, presentou o percorrido do grupo nos últimos anos, a situación actual e as principais liñas do plan estratéxico, enfocadas na innovación, a sustentabilidade, a saúde e a xeración de riqueza. Puxo o foco no seu modelo de empresa único e irrepitible no sector, con equipos moi cohesiónados e un destacado espírito innovador, e subliñou que *“EROSKI está nun momento crucial para reforzar a súa posición no mercado. A nosa folla de ruta está marcada pola procura dun futuro próspero e sostible, coa calidade, o aforro para as familias e a experiencia de compra nas nosas tendas cada vez máis personalizada como alicerce, todo iso fundamentado no compromiso coa saúde e o benestar das persoas consumidoras. Cunha evolución positiva de resultados, unha débeda normalizada, unha rede saneada e eficiente e un crecente recoñecemento por parte das persoas consumidoras. Para EROSKI é o momento de crear e medrar”*.

Pola súa banda, a directora Comercial de EROSKI, Beatriz Santos, destacou durante a súa intervención que *“a mellora da competitividade de prezos, unha aposta polo produto fresco de calidade e próximo, e mais un importante investimento en tecnoloxía que promete transformar tanto a experiencia das persoas consumidoras como a eficiencia operativa”* serán parte das principais liñas estratéxicas que guiarán a empresa ata o 2026. Explicou que *“o noso compromiso co ‘Sempre Bo Prezo’ permitiranos ofrecer prezos igualados ou inferiores aos da nosa competencia máis directa en milleiros de produtos cotiáns”*. Outro pilar fundamental do novo plan é a extensión dunha oferta de produtos eficaz e eficiente, cun enfoque especial para cubrir todas as necesidades das persoas consumidoras e cunha ampla presenza de produtos e marcas, para ofrecerlles unha ampla capacidade de elección e onde os produtos locais teñen un espazo preferente e destacado, o que subliña a aposta de EROSKI por unha alimentación saudable e accesible.

En termos de crecemento, EROSKI anticipou a incorporación de máis de 150 novas tendas nos vindeiros tres anos, tanto propias como franquizadas; *“a nosa ambición é manternos como insignia líder no norte de España e espallar a nosa presenza a outras rexións a través da nosa rede de franquías”*, detallou Beatriz Santos.

Igualmente, compartiu cos presentes no encontro o plan de EROSKI de *“investir máis de 100 millóns de euros nun ambicioso programa de transformación tecnolóxica, que inclúe a implementación de intelixencia artificial e a robotización para mellorar a toma de decisións e os procesos comerciais”*.

Precisamente, a xornada incluíu unha mesa redonda sobre o uso da analítica avanzada e o *big data* no sector do retail, coa participación de expertos de empresas líderes e de académicos, como Fernando Pasamón -Managing Partner Consumer Industry and Growth Leader at Deloitte Spain-, Rai Cararach -Corporate Sales Director en Nestlé España- e Rosario Pedrosa -responsable da área de estratexia comercial e márketing de AECOC-, xunto ás representantes de EROSKI Ana Cuevas -directora de Mix Comercial- e Carmen Guelbenzu -directora Comercial de Alimentación. Este debate salientou a relevancia da integración de novas tecnoloxías na xestión da

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



cadea de valor, que abrirá novas oportunidades de colaboración futura para adaptarse aos cambios do mercado, de traballar conxuntamente para ofrecer os mellores produtos e servizos ás persoas consumidoras, e de asegurar a eficacia e eficiencia dos procesos e decisións.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE ÍZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)